# E. Como inserir ligazóns en documentos ou no Campus Virtual ás obras existentes en *Crunia*?

Unha vez localizada nunha lista de resultados en *Crunia* a obra que queremos enlazar de forma permanente, colocaremos o cursor sobre o título e premeremos o botón esquerdo do rato.




Abrirase unha nova pantalla cos datos da obra, nela coloraremos o cursor sobre o símbolo de *ligazón permanente* e premeremos o botón esquerdo do rato.



Abrirase un novo cadro onde coloraremos o cursor sobre *COPIAR LIGAZÓN PERMANENTE AO PORTAPAPEIS* e premeremos o botón esquerdo do rato.




Unha vez copiada a ligazón permanente no portapapeis, podemos crear un hipervínculo co *sofware* que esteamos usando para crear o documento de material educativo a enlazar. Por exemplo no procesador de textos Word, seleccionaríamos *Insertar* e *Vínculo.*



Na caixa que se abre, cubriremos o campo *Texto* cun título, pegaremos a ligazón permanente no campo *Dirección* e, finalmente, premeremos *Aceptar*.

